

Google Cloud Certified Professional Cloud Developer

Descrición

A primeira parte da formación proporciona unha descrición xeral dos produtos e servizos de Google Cloud Platform. A través dunha combinación de presentacións, demostracións e laboratorios, o alumnado aprenderá o valor de Google Cloud Platform e como incorporar solucións baseadas en cloud en estratexias de negocio.

Na segunda parte o alumnado aprenderá como deseñar, desenvolver e despregar aplicacións que constantemente se integran compoñentes do ecosistema de Google Cloud.

Mediante a combinación de presentacións, demos e laboratorios, o alumnado aprenderá como utilizar os servizos de GCP e APIs de machine learning xa adestradas para montar aplicacións seguras, escalables e intelixentes na nube.

Obxectivos

Ao finalizar a formación, o/a participante saberá:

- Utilizar as mellores prácticas para desenvolver unha aplicación.
- Escoller a opción de almacenamento apropiada para os datos da aplicación.
- Implementar administración de identidade federada.
- Desenvolver compoñentes ou microservizos débilmente acoplados.
- Integrar compoñentes e datos dunha aplicación.
- Depurar, rastrexar e monitorizar aplicacións.
- Realizar despregamentos con contedores e servizos de despregamento.
- Escoller o contorno apropiada para executar a aplicación; utilizar Kubertes Engine como contorno e cambiar a unha solución non operacional con App Engine Flex de Google.

Dirixido a

Este curso está dirixido ao alumnado que estea a planear implementar aplicacións e crear contornas de aplicacións en Google Cloud Platform:

- Desenvolvedores/as, operadores/as e arquitectos/as de sistemas que están a comezar con Google Cloud Platform.
 - Executivos/as e empresarios/as que estean a avaliar o potencial de Google Cloud Platform para abordar as súas necesidades.
- O alumnado deberá ter coñecementos de Node.js e de Linux (liñas de comando) básicos.

Recomendable nivel medio-alto de comprensión lectora en inglés.

Perfil do docente

Os nosos formadores e formadoras son persoas con ampla experiencia en áreas de alta especialización técnica nos campos de aplicación. Posúen as certificacións oficiais do fabricante (neste caso Google) para impartir estes cursos.

DURACIÓN	40 horas
PROGRAMA	Programación 2019/20
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Google Cloud Certified Professional Cloud Developer
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 09:30 a 13:30 horas.
PERIODO INSCRIPCIÓN	10/12/2019 - 03/01/2020

PROBA DE SELECCIÓN	09/01/2020, 10:00
PERIODO DOCENCIA	20/01/2020 - 31/01/2020
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

Google Cloud Fundamentals: Core Infrastructure

- Introducción a Google Cloud Platform
- Comezo con Google Cloud Platform
- Máquinas e redes virtuais na nube
- Almacenamento na nube
- Contedores na nube
- Aplicacións na nube
- Desenvolvemento, implementación e monitoraxe na nube
- Big Data e Machine Learning na nube

Developing Applications with Google Cloud Platform

- Boas prácticas para desenvolvemento dunha aplicación
- Librerías Cloud Cliente de Google, Google Cloud SDK e Google Firebase SDK
- Resumo de opcións de almacenamento de datos
- Boas prácticas para utilizar Google Cloud Datastore
- Boas prácticas para utilizar almacenamento en nube de Google
- Autenticación e autorización
- Uso de Google Cloud Pub/Sub para integrar compoñentes dunha aplicación
- Adición de intelixencia a unha aplicación
- Uso de funcións de Google Cloud para procesado dirixido por eventos
- Administración de APIs con Google Cloud Endpoints
- Despregamento dunha aplicación utilizando Google Cloud Container Builder, Google Cloud Container Registry e Google Cloud Deployment Manager
- Contornos de execución para unha aplicación
- Depuración, monitoraxe e mellora de rendemento utilizando Google Stackdriver.